

POLÍTICA DA CALIDADE DE ASOCIACIÓN AMICOS

ASOCIACIÓN AMICOS ten como misión a atención de persoas con discapacidade intelectual.

O obxectivo da implantación dun sistema de calidade é a mellora dos servizos da entidade, e o recoñecemento a través da xestión do mesmo. Coa implantación do sistema de xestión, a ASOCIACIÓN AMICOS sométese a un proceso de mellora continua coa finalidade de satisfacer ós seus atendidos, xa que a ASOCIACIÓN AMICOS, entende a calidade como un dereito das persoas con discapacidade intelectual a recibir, unha vez sexan escoitadas ou percibidas a súas necesidades e expectativas, apoios dignos e significativos. Apoios que impacten positivamente na mellora das súas condicións de vida e permitan conseguir os resultados persoais desexados .

A decisión estratéxica de poñer en marcha diferentes accións encamiñadas a asegurar a Calidade en cada un dos centros e servizos nace na entidade no ano 2008, dende este ano a ASOCIACIÓN AMICOS dispón dun Sistema de Calidade conforme coa NORMA UNE-EN ISO 9001, na actualidade o alcance do sistema abarca a todos e cada un dos centros (Centro Residencial, Centro de Día, Centro Ocupacional, e Centro Educativo,) así como a todos os servizos xerais. Debido aos bos resultados acadados a entidade optou por ampliar o seu compromiso coa calidade certificándose, no ano 2011 conforme coa NORMA UNE 158201 especifica para os Centros de Día.

Para a consecución dos seus fins propúgnanse unha serie de valores como visión estratéxica e proxección social.

A política de calidade da ASOCIACIÓN AMICOS é axeitada ao propósito da organización e proporciona un marco de referencia para o establecemento e revisión dos obxectivos de calidade, sendo a súa principal referente a satisfacción do cliente.

A ASOCIACIÓN AMICOS comprométese a cumprir os requirimentos do sistema de xestión de calidade, así como os legais e regulamentarios, tamén a revisalos para buscar unha mellora continua .

Asociación
Amigos

ANEXO III DO MANUAL DE XESTIÓN DA
CALIDADE E DO MEDIO AMBIENTE
POLÍTICA DA CALIDADE E DO MEDIO AMBIENTE
DE ASOCIACIÓN AMICOS
(Actualizada a 29/10/2018)

Asdo.: Xoan España Vidal

Director Xeral de ASOCIACIÓN AMICOS

Comoxo (Boiro), a 29 de Outubro de 2018

POLÍTICA AMBIENTAL DE ASOCIACIÓN AMICOS

Por desexo da Dirección Xeral, ASOCIACIÓN AMICOS, estableceu e implantou un Sistema de Xestión Ambiental en base aos requisitos da Norma UNE-EN ISO 14001 e do Regulamento EMAS, que cubre as actividades desenvolvidas por ASOCIACIÓN AMICOS en Oleiros – Ribeira (A Coruña) e en Comoxo - Boiro (A Coruña).

ASOCIACIÓN AMICOS manifesta e asume o compromiso de desenvolver as súas actividades co debido respecto pola protección do medio ambiente e mellorar continuamente as súas prácticas ambientais.

A nosa Política Ambiental esta proposta dentro do alcance definido no noso Sistema de Xestión Ambiental como guía de actuación cara ao control e a xestión dos posibles impactos sobre o medio ambiente, tendo en conta o noso contexto, as necesidades e expectativas de todas as partes interesadas pertinentes ao Sistema de Xestión Ambiental da Organización e a natureza, magnitude e impactos ambientais das nosas actividades, produtos e servizos e proporciona un marco de referencia para o establecemento dos nosos obxectivos ambientais.

A tal efecto teranse en conta os seguintes compromisos:

- ❖ Realizar o esforzo necesario para identificar, caracterizar e minimizar o impacto ambiental derivado das actividades, produtos e servizos de ASOCIACIÓN AMICOS
- ❖ Protexer o medio ambiente e previr a contaminación o que inclúe o uso sostible de recursos, a mitigación e adaptación ao cambio climático e a protección da biodiversidade e os ecosistemas
- ❖ Cumprir cos requisitos legais e regulamentarios aplicables a ASOCIACIÓN AMICOS e outros requisitos / compromisos voluntarios que a Organización subscriba
- ❖ Mellorar continuamente o noso Sistema de Xestión Ambiental para mellorar o noso desempeño ambiental

- ❖ Sensibilizar, informar e formar sobre os aspectos ambientais derivados das nosas actividades, produtos e servizos e sobre a xestión ambiental da Organización a todo o persoal de ASOCIACIÓN AMICOS e a todas as partes interesadas que son pertinentes ao Sistema de Xestión Ambiental
- ❖ Promover a comunicación interna e externa con criterios de transparencia e invitar aos nosos provedores e subcontratistas a aplicar unhas normas ambientais equivalentes ás propostas por ASOCIACIÓN AMICOS
- ❖ Utilización sostible de recursos naturais, fomentando sobre todo o aforro enerxético no desenvolvemento das nosas actividades e reducindo na medida do posible o consumo de materias primas, así como a utilización de produtos máis respectuosos co medio ambiente, mediante a aplicación das mellores tecnoloxías posibles economicamente viables.
- ❖ Minimizar a xeración de residuos e realizar a xestión dos mesmos intentando reutilizar, recuperar e reciclar fronte a eliminar sempre que sexa posible
- ❖ O Sistema de Xestión Ambiental está aberto para a participación activa de todas as partes interesadas pertinentes e para incluír as suxerencias de mellora propostas por elas, co obxecto de fomentar a mellora continua
- ❖ Nos nosos principios de actuación prevalecen os criterios de prevención fronte aos de corrección

A Dirección ten a responsabilidade de asegurar que esta política é comprendida e mantida por todos e en todos os niveis da organización e que está a disposición de todas as partes interesadas que son pertinentes ao Sistema de Xestión Ambiental da Organización.

ASOCIACIÓN AMICOS comprométese a implantar e revisar periodicamente esta política de respecto ao medio ambiente e a vixiar para que se respecten integramente as disposicións descritas no Manual de Xestión Ambiental.


Asdo.: Xoan España Vidal
Director Xeral de ASOCIACIÓN AMICOS

Comoxo (Boiro), a 29 de Outubro de 2018